

Acta da sesión ordinaria da Comisión Permanente de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 1 de marzo de 2016 na Sala de Xuntas da Facultade.

Asistentes:

Equipo decanal

Alonso Bacigalupe, Luis
Cabeza Pereiro, M^a del Carmen
Rodríguez Barcia, Susana
Figuroa Dorrego, Jorge
Anaya Revuelta, Inmaculada

Sector (A) Profesorado

Montero Domínguez, Xoan

Sector (B) Profesorado

Ferreiro Vázquez, Óscar

Sector (D) P.A.S.

Iglesias Van Der Woude, Miguel

Desculpas e ausencias xustificadas

Del Pozo Triviño, Maribel
Burghard Baltrusch
Elena Seoane Posse
Lourdes Lorenzo
Sánchez Trigo, Elena

Comeza a sesión ás 13:09h en segunda, na Sala de Xuntas da FFT coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se proceder, das actas das sesións anteriores (10/9/2015 e 1/10/2015)

Apróbanse por asentimento.

2. Informe do decano

Informa a vicedecana de Calidade sobre a visita dos avaliadores para os días 7 e 8, no proceso de acreditación de tres títulos da FFT. A comisión permanente está citada para as 11:30 do luns 7.


O decano informa sobre os puntos previstos para a Xunta de Facultade do venres próximo (conversas cos departamentos e áreas para chegar a acordos sobre a PDA, posta en marcha do 3º curso do Grao de Ciencias da Linguaxe, cálculo da bolsa de horas, renovación das comisións delegadas e aprobación da reforma do regulamento de elaboración de TFG).

Informa tamén sobre a difusión que se está a facer dos graos (charlas en institutos, visitas que recibimos na FFT, participación en encontros sobre Educación, como EDUGAL en Pontevedra).

3. Memoria económica 2015

Informa a administradora de centros da variación do orzamento á baixa por causa da centralización do pago da subministracións. Tamén informa dalgunhas intervencións en reformas ou melloras: cambiáronse varias xanelas, luminarias e proxectores das aulas, e houbo intervencións nos vestíbulos. Houbo que acometer reformas por causa do plan de autoprotección.

Algunhas destas reformas teñen que ser



financiadas pola facultade, outras van a cargo dos servizos centrais.

4. Proposta de orzamento para o exercicio de 2016

Informa a administradora de centros de que o orzamento se incrementa en 27.000 euros polos aforros feitos en calefacción. A distribución é semellante á do ano 2015. Dótase algo máis a partida de conferencias e a da páxina web, co ánimo de renovala, así como a promoción dos títulos e visibilidade do centro.

5. Aprobación, se proceder, da III Edición do Título propio de Especialista en dobraxe

O decano informa de que parece máis acaído aprazar a súa aprobación para unha sesión posterior, co obxecto de cumprir o requisito da delegación explícita por parte da Xunta de Facultade. Xoán Montero retira a solicitude para esta sesión.

6. Aprobación, se proceder, da I Edición do Curso Complementario “Especialización en aspectos profesionais da Tradución e Interpretación”

O decano engade, ao que se dixo para o punto anterior, que debido a que este curso está previsto para datas máis próximas, vai someterse á aprobación da próxima facultade. Retírase, pois, da presente sesión.

7. Admisión a trámite, se proceder, da solicitude de avaliación curricular de Dna. Cristina Kovacs Soto

A solicitude cumpre os requisitos previstos na normativa Apróbase por asentimento a admisión a trámite.

8. Rolda aberta de intervencións

O profesor Montero pregunta se os TFG defendidos en outubro descontan, non no curso entrante, senón no seguinte. Confírmase que así é.

Remata a sesión ás 14:06.

Vigo, 1 de marzo de 2016

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

María del Carmen Cabeza Pereiro

segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do *Regulamento Interno da FFI*, 67 dos *Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e 27 da *Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Comisión Permanente celebrada o día ___ de _____ de 2016.

A Secretaria da Facultade

María del Carmen Cabeza Pereiro